

Informe Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade

Autor: Tomás Hermelo Álvarez
Marzo 2019, Cangas

Índice

Índice	2
0. Introducción	3
1.- Orzamento	3
2.- Persoal	4
3.- Espazos de traballo	5
3.1 Atención temperá	5
3.2 Enredos de Verán e Enredos de Nadal	6
3.3 Servizo de Axuda no Fogar	7
3.4 Obradoiros lecer	8
3.5 Subvencións a asociacións	9
3.6 Axudas de emerxencia	9
3.7 Vivenda Temporal	9
3.8 Xornadas Interculturais	9
3.8 Outros	9
4.- Consellos de participación	10
4.1 Consello Municipal de Igualdade (C.M.I.)	10
4.2 Consello Municipal de Saúde	10
5.- Igualdade	11
5.1 IV PIOM	11
5.2 Contando a Historia con elas	11
5.3 Cangas en Negro	11
5.4 Programa de atención psicolóxica a mulleres e a nenos e nenas expostos á violencia	12
5.5 Fondo documental Dolores Blanco	12
5.6 Obradoiros de autodefensa	13
5.7 Día Internacional da Muller Traballadora	13
5.8 Día Internacional contra as Violencias de Xénero	14
5.9 Mesa Coordinación Violencia Sexistas	14
5.10 Convenio hospedaxe	14
5.11 Outras actividades	15
6. Ano 2019	16
7. Valoración	16

0. Introducción

O presente informe recolle a solicitude feita polo representante do PSOE-PSG no último pleno e analiza o traballo feito da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade nos anos 2016, 2017 e 2018. Inclúense datos de 2015, para poder facer unha comparativa coa etapa anterior e non se inclúen os datos do ano 2019, por estar sen rematar o primeiro trimestre do ano.

Dentro do análise pode que non se nomeen algúns dos programas que se prestan no Centro Municipal de Benestar ou outras áreas dependentes da concellería. Trátase dunha informe feito sobre as actuacións e os eixos principais de traballo da concellería, programas novos ou mellora dos xa existentes por considerarse fundamentais, polo tanto de detectar algunha omisión, favor comunicar e completaría a información.

O informe está realizado por Tomás Hermelo en calidade de Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade. Os datos están sacados das memorias presentadas a distintas subvencións ou solicitada as persoas técnicas de cada área, poden existir erros, ou omisións, xa que a totalidade dos programas efectuadas son coñecedores as persoas técnicas e non foi estimado restarlle tempo do seu traballo diario para a realización de dito informe. No caso de querer un estudo en profundidade sería preciso a elaboración dunha auditoría



1.- Orzamento

Imos analizar o orzamento adicado a Servizos Sociais, dende o ano de entrada do goberno de entrada ata o ano 2018, último ano con datos completos. Os anos a analizar son, 2015, 2016, 2017 e 2018. Capítulo 231 do orzamento municipal Sinalar que o orzamento de 2015 foi aprobado polo anterior goberno. Os datos económicos completos están a disposición en Intervención.

Táboa de datos do capítulo 231

Orzamento	2015	2016	2017	2018
Euros	857.727€	883.746€	1.175.662€	1.295.132€
Aumento Anual		3,03 %	33,03 %	10,16 %
Aumento total				51,00 %
Poboación Cangas	26.487 habitantes a marzo de 2019			
Gasto por habitante	32,4 €/hab	33,4€/hab	44,38€/hab	48,89€/hab

Gráficos da evolución do orzamento e do aumento en gasto por habitante en Cangas



Dos datos analizados podemos destacar que existiu un aumento do 51% en gasto destinado a servizos sociais, partindo de 857.727€ en 2015 a 1.295.132 € en 2018. Do mesmo xeito aumentouse de 32'4€/hab ata os 48'89€/hab en catro anos de xestión municipal.

2.- Persoal

No referente ao capítulo de persoal é importante destacar que nestes 4 anos de goberno municipal, ampliouse o número de persoas traballadoras do departamento de Servizos Sociais. Concretamente con unha Traballadora Social e as 3 profesionais de Atención Temperá, unha fisioterapeuta, unha mestra en educación especial e unha pedagoga.

Importante, todas elas a tempo completo e de forma interina, dándolle seguridade o servizo e as profesionais.

Este incremento de persoal é salientable, xa que nos atopamos dende o Goberno Municipal con dificultades para contratar persoal polo plan de axuste do Concello. Agora mesmo temos unha praza sen cubrir pola xubilación dunha administrativa, que se vai a cubrir en canto remate o proceso de selección de persoal administrativo que está facendo o Concello

3.- Espazos de traballo

3.1 Atención temperá


A atención temperá foi un dos grandes obxectivos, xa que é un servizo imprescindible. No momento da chegada do actual goberno a Aula de Atención Temperá estaba mantida con subvencións de outras administracións e dependía destas a súa continuidade, non podendo prestarse o servizo durante o ano completo.

Para corrixir este feito e poder garantir o servizo todo o ano con independencia de subvencións doutras administracións decidiuse facer un concurso oposición para cubrir as prazas de fisioterapeuta, educación especial e pedagoga con unha interinidade.

No ano 2017 entramos na Rede Galega de Atención Temperá

A continuación mostramos a evolución dos datos de usuarias e intervencións

Atención Temperá				
	Usuarios/as	Actuacións directas	Coordinacións externas	Prevenicións
2015	50	2945	13	5
2016	68	3206	21	12
2017	91	4573	60	16
2018	97	4603	79	21



Como se observa nos datos, en catro anos duplicouse o número de usuarios e de actuacións directas. Do mesmo xeito a coordinación externas (centros médicos, centros educativos,...) é maior. Os datos amosan unha clara evolución da Atención Temperá, que ven marcada pola consolidación e atención permanente ao longo de todo o ano.

3.2 Enredos de Verán e Enredos de Nadal

Xunto coas concellerías de Mocidade - Voluntariado e Ensino - Deporte, creouse no verán do 2017 un programa novo que xuntou e ampliou todas as actividades de verán que se realizaban no Concello. Este programa denominouse Enredos de Verán, con dúas localizacións, unha en Cangas e outra en Aldán.

O programa conta con subvencións (ata o 100% do custo) para as familias con menos recursos, de xeito que poida participar o maior número de nenas e nenos posible. Ofrécese tamén servizo de comedor e “plan madruga” para axudar á conciliación.


O servizo prestouse a través dunha licitación no ano 2017, pero no ano 2018 xa de forma interna, con persoa contratado polo Concello a través dun proceso de selección de persoal.

Do mesmo xeito, e coa mesma filosofía en 2017 creouse o Programa Enredos de Nadal

Os datos de participación son os seguintes:

Enredos de Verán					
	Cangas	Cangas Náutico	Aldán	Aldán Náutico	Total
2016	250	70	30	20	370
2017	300	100	61	35	496
2018	300	120	73	36	529

Gráfico coa evolución na participación



Como se observa nos datos, hai un crecemento no número de participantes, sobre todo en Aldán e nos campamentos náuticos. En Cangas o número de usuarios nos últimos dous anos mantívose, pero é un dato que da a confusión, xa que no último ano en Cangas aumentou o número de participantes que pasan de participar un ou dous días á semana a facelo de forma diaria. Este cambio de usos, provocou que realmente a ocupación total dos días ofertados fose maior que anos anteriores. Este servizo prestouse tamén a menores con discapacidades superiores ao 33%, tendo que aportar o programa Enredos de Verán persoa especializada para garantir a correcta participación.

3.3 Servizo de Axuda no Fogar

O programa de axuda no fogar é un servizo municipal comunitario, con carácter social, que tende a prever situacións de crise persoal e familiar prestando unha serie de atencións de carácter doméstico e social aos individuos ou familiares que se atopan en situación de especial necesidade para o desenvolvemento dunha vida cotiá normalizada

De todos os programas que se prestan dende os Servizos Sociais este é o que maior aumento de partida orzamentaria tivo. A continuación a gráfica dos datos que mostran a evolución nestes anos

Gráfico coa evolución do orzamento do S.A.F.:



Como se observa claramente na gráfica, hai unha evolución favorable, practicamente dobrando a partida destinada a este servizo fundamental que traballa con persoas dependentes.

3.4 Obradoiros lecer

Os obradoiros de lecer, é unha das actividades que se leva facendo dende fai moitos anos en Cangas, estes obradoiros están destinados a persoa maiores, colaborando con 3 asociacións sen ánimo de lucro. Os datos de uso son os seguintes:

Obradoiros lecer			
	Totais	Participantes	Actividades / Talleres
2015	678	443	13
2016	653	545	14
2017	628	532	14
2018	698	589	16

O número total de obradoiros impartido mantense no tempo, aumentando o número de participantes, está suba, débese a que se aumentou a oferta de actividades, co implemento de 3 novos talleres de memoria en Nerga, Vilanova e Aldán

3.5 Subvencións a asociacións

De xeito de facilitar e dar igualdade de oportunidades ás asociacións que desenvolven actividades para promover o benestar social da cidadanía do Concello de Cangas a través de accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá, dentro do ámbito de intervención da Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade habilitouse un sistema de concorrencia competitiva, dotado con 12.000€/ano. Creouse tamén unha única subvención nominativa a ASPANSIM dotada con 8.000€

3.6 Axudas de emerxencia

Coa finalidade de axudar ás persoas e familias que así o precisen existe unha partida de axudas, a través dos Servizos Sociais, dotada con 50.000€. Esta partida mantívose estable orzamento nestes 4 anos

3.7 Vivenda Temporal

Cangas conta con unha única vivenda de aloxamento temporal para persoas en risco de exclusión. No ano 2018, por un importe de 48.000€ licitouse a reforma da vivenda, para ampliación e creación de dúas novas vivendas, pasando de unha a tres. Esta obra atópase parada e nun proceso xudicial, co que esperamos que pronto se poidan retomar os traballos e rematar a obra.

3.8 Xornadas Interculturais

Xornadas organizadas conxuntamente con Cultura e Ensino, Mocidade e Voluntariado establecéronse obradoiros nos centros escolares e como actividade comunitaria a festa intercultural para sensibilizar sobre a igualdade dentro da diferenza e a importancia do comercio xusto.

3.8 Outros

O departamento e C.M.B.S. ten a maiores outra serie de servizos e atencións, a continuación detallamos (pode que algún servizo prestado non se especifique)

- Servizo de Atención Primaria: información, orientación e tramitación
- Xantar na Casa
- Servizo de asesoramento e apoio as asociacións.
- Fondo documental
- Biblioteca de Servizos Sociais
- Campañas informativas
- Educación para a saúde

- Balnearios diúrnos
- Educación familiar
- Programa R.A.I.S. de Reforzo educativo
- Competencia dixital
- Programa “Non estas soa” colaboración có C.I.M.
- Programas de inmigración
- Programa ReAccionaR
- Banco de libros de texto, colaboración con Ensino, Mocidade, Voluntariado e ANPAS
- Mesa de coordinación Servizos Sociais e Ensino, conxuntamente cos departamentos de orientación dos centros educativos

4.- Consellos de participación

Os consellos de participación son organismos de traballo e debate dos temas que se tratan en cada un de eles. Dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade entendemos que as liñas de traballo téñense que expoñer e facer participativas.

Deste xeito as actividades e contidos relacionados coa Igualdade e Sanidade trátanse nos seus correspondentes consello.

4.1 Consello Municipal de Igualdade (C.M.I.)

En 2015 propúxose a creación do Consello Municipal de Igualdade de Cangas coa participación dos grupos políticos con representación municipal e colectivos sociais, nos que se atopan asociacións, sindicatos, ANPA´s e outros colectivos que traballen na consecución da igualdade.

A periodicidade de xuntanza é trimestral, e dende a súa creación marca as liñas de traballo da concellería neste eido, ao cal se lle presentan as propostas de actividades e se recollen as iniciativas propostas polas participantes.

Centrando a súa actividade na organización do 8 de marzo e 25 de novembro, datas nas que se celebran dende fai dous anos unha manifestación e a posterior lectura do manifesto, feito de forma conxunta polas integrantes do C.M.I.

4.2 Consello Municipal de Saúde

Este Consello existía, de xeito informal, pero estaba inactivo. No ano 2016 formalizouse a través da aprobación plenaria do Regulamento do Consello de Municipal de Saúde. Formado polos grupos municipais con representación, sindicatos, colectivos sociais, colectivos do ámbito sanitarios, profesionais e veciñais.

Centrouse o traballo, no análise de necesidades sanitarias para Cangas e no debate e alegacións ao Estudo de Necesidades Sanitarias para Cangas e Moaña, realizado polo SERGAS.

5.- Igualdade

5.1 IV PIOM

Documento marco de actuación para o período 2.016 – 2.020 e se presenta como un instrumento de traballo onde se recollen as actuacións dirixidas a mellorar as situacións de desigualdade entre mulleres e homes, integra a experiencia que supuxeron os anteriores PIOM como instrumentos de promoción e fomento da política de igualdade e ratifica o compromiso do Concello de Cangas coa Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.

O IV Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Cangas, constitúe unha ferramenta para procurar cambios sociais, cuxo obxectivo xeral é promover a igualdade entre mulleres e homes, integrando de maneira efectiva, a igualdade en todos os ámbitos que afecten á vida cotiá das mulleres, fomentando a modificación de actitudes, comportamentos e normas que supoñan un obstáculo para a consecución da igualdade real das persoas

Ordenanza de Linguaxe Inclusiva, aprobouse en 2015 polo pleno municipal

5.2 Contando a Historia con elas

Proxecto de creación participativa a través de obradoiros para homenaxear e reinterpretar a mulleres artistas. Realízase xunto co Bacharelato de Artes do IES María Soliño. Cada obradoiro conta con unha parte teórica e outra práctica, na primeira faise un achegamento a historia das mulleres artistas e a súa invisibilización nos libros de texto e educativos, mentas que na práctica, realízase a interpretación da obra escollida.

Executáronse 2 actividades das catro que ten programadas

A primeira foi Marexada de Mulleres, reinterpretando a obra de Sandra Cinto e a segunda traballouse sobre a obra da artista Lubaina Himid.

Con estes talleres traballamos coa comunidade educativa, creando unha visión mais completa da historia da arte e da importancia das mulleres na arte.

5.3 Cangas en Negro

Actividade dentro da campaña a nivel nacional En Negro Contra as Violencias, que quere mostrar o loito polas mulleres asasinadas pola violencia machista, trátase de

tinguir de negro as vilas a semana do 25 de novembro Día Internacional Contra a Violencia Machista

No ano 2016 participamos 17 Concellos, medrando no ano 2018 máis de 100 Concellos e 3 Deputacións Provinciais. A nivel de Cangas, a participación está por enriba dos 150 establecementos, locais comerciais, Praza de Abastos, locais municipais, centros educativos,...

O impacto desta campaña é moi alto e a participación segue a medrar ano a ano, xa que é libre para que cada persoa poida participar de forma autónoma

5.4 Programa de atención psicolóxica a mulleres e a nenos e nenas expostos á violencia

O programa de atención psicolóxica a nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia machista centra a súa intervención na resolución de conflitos non violenta, a xestión de emocións, a comprensión das situacións vividas no ámbito familiar, o fomento do empoderamento e a resiliencia nos menores. Así como fortalecer o rol materno das nais reforzando o empoderamento e papel activo dentro do proceso de recuperación do núcleo familiar.

O acceso ao servizo é gratuíto, e garátese unha asistencia rápida. O programa estivo dirixido a Nenas, nenos e adolescentes vítimas de violencia machista, procedentes de familias con estratexias de resolución de conflitos violentas ou que teñen interiorizadas crenzas como os estereotipos de xénero e desigualdades home/muller.

- Nais de menores que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero.
- Adolescentes vítimas de relación afectivo-sexuais abusivas, desiguais ou outras manifestacións de violencia machista

Programa de nova creación, dende o ano 2018, con idea de continuidade nos seguintes anos

5.5 Fondo documental Dolores Blanco

creación dunha sección na Biblioteca Municipal sobre Igualdade. A finalidade deste fondo é a de facilitar o acceso e difusión dos recursos de documentación en calquera tipo de soporte, poñendo a disposición da veciñanza dos fondos bibliográficos necesarios para o seu desenvolvemento académico ou persoal. O Fondo documental vai levar o nome de Dolores Blanco Montes, muller á que se lle dedicou o 8 de marzo de 2016 en Cangas por ser pioneira dirixente do sindicato A Reivindicadora, que aglutinaba ás atadeiras e traballadoras das conserveiras de Aldán, Cangas e Hío. Este fondo pretende incluír todos aqueles libros, documentais, estudos e material de divulgación en todos aspectos relacionados coa igualdade, feminismo, dereitos sexuais e reprodutivos, diversidade,...

Durante o ano 2018, realizouse a compra e preparación do material e a inauguración esta prevista para marzo de 2019.

O fondo conta con unha dotación económica de 5.000€

5.6 Obradoiros de autodefensa

A autodefensa feminista é considerada un elemento indispensable de protección e loita contra as violencias machistas. É unha actividade integral que traballa a todos os niveis e contra todas as violencias, posibilitando un traballo consciente e colectivo sobre os elementos de socialización e da realidade de xénero, dende un lugar de resposta e empoderamento. O obradoiro é un achegamento a autodefensa revalorizando as ferramentas que posuímos a nivel individual e colectivo, potenciando as nosas propias claves de seguridade e resignificando as nosas experiencias. Propóñense dinámicas para realizar un traballo progresivo, abordando tanto técnicas físicas como elementos emocionais, relacionais,..dende unha perspectiva de crear e ampliar as posibilidades fronte a violencia.

Os obradoiros levan realizándose dende o ano 2017, no Hío, en Aldán e en Cangas, impartidos por Cristy Tojo e Mai Insua da Asociación Lésbicas Creando, con formación en autodefensa e terapia sexual. A ocupación dos obradoiros é do 100%, demostrando un alto interese por parte das usuarias e a necesidade de implantar máis co tempo

5.7 Día Internacional da Muller Traballadora

Dende o 2016 organizase de xeito participativo dende o Consello Municipal de Igualdade, apoiando a Folga Feminista de 2018 e 2019.

As actividades centrais son unha concentración pola mañá e unha manifestación pola tarde, onde ao remate se lee o Manifesto conxunto do C.M.I.

A maiores organízanse durante o mes de marzo distintas exposicións, obradoiros e actividades culturais:

- 2016:
 - Recoñecemento a Dolores Blanco Montes
 - Presentación do documental Digna Rabia a cargo do coautor Ángel Gallardo Rodríguez.
 - Proxección do documental Digna Rabia
- 2017
 - Concentración e Manifestación de apoio á Folga Feminista
 - Proxección documental “Non me chamo Nena: Unha historia de mulleres de Cangas
 - Obradoiro na Procura da Muller Salvaxe
 - Exposición e presentación do libro “Elas”

- 2018
 - Concentración e Manifestación de apoio á Folga Feminista

5.8 Día Internacional contra as Violencias de Xénero

Dende o 2016 organizase de xeito participativo dende o Consello Municipal de Igualdade.

As actividades centrais son unha concentración pola mañá e unha manifestación pola tarde, onde ao remate se lee o Manifesto conxunto do C.M.I.

A maiores organízanse durante o mes de marzo distintas exposicións, obradoiros e actividades culturais:

- 2016
 - Apúntate ao bo trato cos centros educativos
 - Cangas en Negro
 - Proxección Chicas Nuevas 24 horas
- 2017
 - Apúntate ao bo trato cos centros educativos
 - Cangas en Negro
- 2018
 - Apúntate ao bo trato cos centros educativos
 - Cangas en Negro

5.9 Mesa Coordinación Violencia Sexistas

Cada 3 meses réunese a mesa de coordinación de violencia sexista, na que está representada as forzas de seguridade, o concello, o centro de saúde, a fiscalía e a xuíza.

Esta mesa ten como obxectivo coordinar a todas as partes que teñen relación cos casos de violencia sexista que acontecen en Cangas. Está mesa é fundamental para afinar os protocolos de actuación e detectar posibles eivas.

5.10 Convenio hospedaxe

O concello no ano 2015 asinou un convenio con unha entidade hostaleira para garantir un espazo no caso de que algunha muller teña que abandonar a vivenda habitual e non é posible facer unha derivación a un centro de acollida.

Anteriormente a este goberno municipal existía dita colaboración pero non existía o convenio.

5.11 Outras actividades

A área de Igualdade foi a área na que se crearon máis traballos e actividades puntuais ao longo deste anos. Traballando todos os aspectos relacionados coa igualdade, como a linguaxe, os comportamentos, micromachismos, o empoderamento, etc. A continuación numeramos mais actividades realizadas dende o ano 2016:

- 2016
 - Proxección Documental Fíos Fóra
 - Exposición Mulleres en Acción Violencia Zero
 - Programa de obradoiros para mulleres con dificultades de integración social
 - Teatro: Unhas poucas picadelas
 - Colaboración coa Xornadas Mulleres en Acción
 - Microexposición Si Buana
 - Proxección Visións de Cinema e Muller
 - Xornadas Educación para a Saúde
 - Campaña Nadal, Xoguetes non Sexistas

- 2017
 - Obradoiro de ciberviolencia e o novo contexto dixital
 - Charla ciberviolencia
 - Peza de danza de Mulleres en Acción Violencia Zero
 - Teatro 30 e tantos ósos
 - Campaña de visibilización á diversidade LGTBIQ
 - Campaña Por unhas Festas libres de Violencias Sexistas
 - Xornadas Educación para a Saúde
 - Campaña Nadal, Xoguetes non Sexistas

- 2018
 - Exposición Cartas de Amor
 - Obradoiro sobre o Amor Romántico
 - Charla sobre Ciberviolencia para familias
 - Exposición Rompe e Xoga en Igualdade
 - Teatro Elisa e Marcela
 - Concerto Herdeiras
 - Campaña de visibilización á diversidade LGTBIQ
 - Contacontos O soño dos Contos
 - Campaña por unhas Festas Libres de Violencias Sexistas
 - Xornadas de Educación para a Saúde
 - Campaña Nadal, Xoguetes non Sexistas

6. Ano 2019

O ano 2019 non se inclúe no informe, xa que se lle están a dar continuidade aos programas.

Este ano con motivo da celebración do Entroido e en colaboración con Cultura e Mocidade instaláronse uns puntos seguros no entorno do Hío e Aldán, así como baños portátiles. Estas accións son unha proba para darlle continuidade en anos posteriores e mellorar a atención nestas festas concorridas, do mesmo xeito se fará na celebración das Festas do Cristo en Cangas.

Deste primeiro semestre do ano 2019, o mais salientable son as actividades de Igualdade no mes de marzo, coincidindo coa nova Folga Feminista do 8 de marzo. Esta prevista a inauguración o 21 de marzo do Fondo documental Dolores Blanco e dous talleres de Autodefensa Feminista en Marzo

7. Valoración

A continuación e de forma resumida tentaremos mostrar os eixos principais de actuación e as melloras acadadas nestes últimos 3 anos.

- Aumento no 50% do orzamento destinado a Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade
- Consolidación do persoal, con unha nova traballadora social e as 3 profesionais da Aula de Atención Temperá
- Consolidación de Enredos de Verán, traballo conxunto con Mocidade e Voluntariado e Ensino e Deportes
- Aumento do 100% do orzamento destinado á Axuda no Fogar
- Mellora e ampliación da Vivenda Temporal
- Creación e bo funcionamento dos Consellos Municipais de Igualdade e de Saúde
- Gran traballo na área de Igualdade, con actividades de forma continua e descentralización, acercando as parroquias as actividades
- Alta participación en Cangas en Negro
- Traballo continuo cos centro educativos, Apúntate ao bo trato e Contando a Historia con Elas, así como distintas charlas
- Fondo Documental Dolores Blanco, a creación dun espazo na biblioteca especializado en igualdade, feminismo, dereitos sexuais,...

Nos anos que se analizan vese unha mellora e un incremento nos servizos prestados, pero tamén a necesidade de seguir aumentando o gasto anual destinado á Concellería de servizos sociais, para garantir a correcta asistencia de servizos tan importantes como a dependencia ou as axudas a persoas con necesidades.

No tocante ao cadro de persoal, é evidente que un departamento con tantas competencias e que traballa de forma moi directa coas persoas é necesario o máximo de persoas posible, xa que isto garante unha mellor atención e uns tempos de espera menores.

A realización de actividades aumentou ano a ano, consolidándose os talleres de empoderamento, de expresión corporal, formación en temática de igualdade e feminismo e os obradoiros e autodefensa. Esta evolución demostra a necesidade de afianzar estes programas e aumentar a súa frecuencia en Cangas.

No caso de ser necesaria ampliar calquera información referente ao aquí exposto, ou de detectarse algunha eiva ou falta de documentación favor de requirir ao correo t.hermelo@cangas.gal